



## RELATORIO DE POLITICA SOCIAL E ACCIÓN EXTERIOR

### CONCLUSIONS

No marco de participación que establece a Lei da Galeguidade realízase O Pleno do Consello das Comunidades Galegas, de cuxo seo, esta Comisión social acorda:

1. Instase á Xunta de Galicia a centrar os seus esforzos na equiparación posible dos dereitos e deberes sociais, culturais, económicos, civís e políticos da cidadanía residente no exterior facilitándolle tanto o acceso a un nivel de servizos sociais e prestacións asistenciais básicas, que garante unha participación política de maneira libre e democrática e o acceso á cultura e á lingua propia.
2. Apoiar os programas e as medidas de acción social incluídas na Estratexia de Emigración 2020 da Xunta de Galicia encamiñadas a efectuar o dereito das galegas e dos galegos, así como as medidas de apoio ao retorno incluídas na Estratexia Retorna, que son obxecto de tratamento no correspondente relatorio.
3. Reforzar os programas no ámbito socioasistencial, en especial a axuda individual de carácter social para as galegas e os galegos emigrados residentes no estranxeiro.
4. Consolidar os convenios e programas coas entidades para a presentación de axuda de carácter social e asistencial ás galegas e os galegos no exterior máis necesitados que viven en países en situación de crise, ou ben con inestabilidade política e social, como é o caso de Venezuela, Cuba, Brasil, Arxentina, etc., que responde ás crises humanitarias que poidan presentarse con dilixencia e eficiencia.
5. Incentivar a cooperación das entidades galegas con fins asistenciais para unificar recursos dirixidos a apoiar as súas iniciativas asistenciais, así como a configuración de novos proxectos socioasistenciais que teñan por obxectivo sumar esforzos para unha máis eficaz atención das persoas maiores en situación de vulnerabilidade, das persoas con discapacidade e das persoas en situación de risco de exclusión.
6. Procurar o achegamento das entidades aos emigrantes e descendentes aínda non integrados nas comunidades e atraelos ás actividades e servizos das comunidades galegas unindo esforzos coas Oficinas Delegadas da Xunta de Galicia en canto a información e asesoramento en coordinación coa Xunta de Galicia en xeral e a Secretaría Xeral da Emigración, en particular.



7. Colaborar coas entidades galegas no exterior con axudas suficientes para o mantemento de centros de día e lugares ou residencias para persoas maiores en países con sistemas deficientes de protección pública, favorecendo a asistencia ás persoas con discapacidade.
8. Impulsar o voluntariado especialmente entre a mocidade. A Rede de Voluntariado socioasistencial podería colaborar, entre outras cousas, a detectar o estado e o grao de necesidade no que se atopan os nosos maiores e os máis necesitados, co fin de poder acompañar ou apoiar a aqueles que se atopan sós ou ingresados en centros de saúde ou de maiores.
9. Promover a igualdade entre mulleres e homes galegos residentes no exterior e fronte á violencia machista mediante a acción das comunidades do exterior e o apoio da Xunta de Galicia.
10. Ampliar os acordos coas entidades para a xestión, nun maior número de países, da Tarxeta Galicia Saúde Exterior, para estancias temporais en Galicia.
11. A comisión Social estima que a Xunta debe manter os programas para o reencontro temporal dos maiores coa súa terra e coa súa familia e apoiar a participación dos maiores no Xacobeo mediante programas de colaboración coas comunidades galegas.
12. Fomentar a información sobre o retorno e as prestacións educativas, sanitarias e socioasistenciais en Galicia ás persoas no exterior, a través da Oficina de Asesoramento e Seguimento do Retorno e das entidades do exterior, incorporando as novas tecnoloxías de información e comunicación.